


Sementes do Reino

Sodes sementes do Reino plantadas na historia.
 Sodes boas e tenras, cheas de vida.
 Téñovos na miña man e arrólovos e quérovos,
 E por iso vos lanzo ao mundo: Perdédevos!
 Non teñades medo a tormentas nin secas,
 a pisadas nin espiños.
 Bebede dos pobres e empapádevos do meu orballo.
 Fecundádevos, rebentade, non vos quededes enterradas.
 Florecede e dade froito. Deixádevos arrolar polo vento.
 Que todo viaxeiro que ande por sendeiros e camiños,
 buscando o perdido, ao vervos,
 sinta un toque e poida amarvos.
 Sodes sementes do meu Reino!
 Somos sementes do teu Reino!

Somos la tierra



"HISTORIA DE UNA SEMILLA"



El Reino de Dios es como la semilla
de Mostaza...



16-xiño-2024
10º-B
Ordinario



Regade a miña pequenez para
crecer e ser acolledor

Ordinario 11º



Regar a miña pequenez para crecer e ser acolledor

EZEQUIEL 17, 22-24: *Eu exalto á árbore humilde.*

Isto di o Señor Deus: «Tamén eu escollera unha rama da cima do alto cedro e plantábaa; das máis altas e novas ramas arrincarei unha tenra e plantareina no cume dun monte elevado; plantareina nunha montaña alta de Israel, botará brotes e dará froito. Farase un cedro magnífico. Aves de todas clases aniñarán nel, aniñarán ao abrigo das súas ramas. E recoñecerán todas as árbores do campo que eu son o Señor, que humillo á árbore elevada e exalto á humilde, fago secarse a árbore verde e florecer a árbore seca. Eu, o Señor, díxeno e fareino.

Palabra do Señor.

SALMO 91: *É bo darche grazas, Señor.*

2ª CORINTIOS, 5, 6-10: *En desterro o en patria, esforzámonos en agradecer ao Señor.*

MARCOS 4, 26-34: *É a semente máis pequena, e faise máis alta que as demais hortalizas.*

Narrador: Naquel tempo, Xesús dicía ao xentío:

Xesús: «O reino de Deus parécese a un home que bota semente na terra. El dorme de noite e levántase de mañá; a semente xermina e vai crescendo, sen que el saiba como. A terra vai producindo froito soa: primeiro os talos, daquela a espiga, despois o gran. Cando o gran está a punto, métese a fouce, porque chegou a sega».

Narrador: Dixo tamén:


Xesús: «Con que podemos comparar o reino de Deus? Que parábola usaremos? Cun gran de mostaza: ao sementalo na terra é a semente máis pequena, pero despois de sementada crece, faise máis alta que as demais hortalizas e bota ramas tan grandes que os paxaros do ceo poden aniñar á súa sombra».

Narrador: Con moitas parábolas parecidas expoñíalles a palabra, acomodándose á súa entender. Todo llo expoñía con parábolas, pero aos seus discípulos explicáballo todo en privado

Palabra do Señor.

(Narrador-Xesús)

"HISTORIA DE UNA SEMILLA"



La pequeña semilla de Amor que Dios pone en mí es su sueño de que crezca y sea acogedor.

Régate y crece

1. VER: Historia dunha semente

- Oculta no corazón / dunha pequena semente, / baixo a terra, / unha planta en profunda paz durmía. / Esperta!, díxolle o sol. / Esperta!, a choiva fría. / A planta que oíu a chamada / quixo ver o que ocurría. / Púxose o vestido verde / e estirou o seu corpo cara arriba. / De toda planta que nace, / esta é a historia máis sinxela.

Pasa isto coas plantas? Por que?

2. XULGAR: A vida, unha planta que regar para crecer

- No evanxeo de hoxe, Xesús compara o Reino de Deus con "unha semente que xermina e vai crescendo" e cun gran de mostaza, a semente máis pequena pero que crece e "faise máis alta que as demais hortalizas". Ezequiel cóntanos que é Deus o que coida as árbores, especialmente a árbore humilde.

Mc 4,26-34 Fundación Ramón Pané, película: <https://youtu.be/3q7cqGcNAA>

QUE NOS QUERE DICIR?

- Xesús fálanos con parábolas sinxelas, para que todos entendamos os seus ensinamentos, a boa noticia do Reino. Son contos do mesmo Xesús, cheos de inspiración e de sabedoría divina, tomados da natureza e do campo.

- Fálanos hoxe do gran de mostaza, tan pequeno, que sementado empeza a xerminar, a crecer, facéndose unha árbore robusto e grande que dá froitos e no que aniñan os paxaros.

- Como no conto de arriba, cada un de nós temos unha semente pequeniña que Deus puxo no noso corazón para facela xerminar. Seméntaa a través da familia, dos catequistas, da xente de ben. El é o Sol e o Labrador que nos mira con agarimo, que nos chama para que nos espertemos, brote a semente e crezamos.

- De que semente trátase? Da semente da vida, da fe, dunha vida de amor. Deus quere que acoollamos o soño do Reino que ten para nós e para o mundo: amar a Deus e construír un mundo máis solidario, fraterno e xusto. Para iso hai que DEIXAR QUE DEUS FAGA EN NÓS: deixarse facerse máis fecundos, rebentar por dentro, non quedar enterrados, regar, florecer e dar froito... Algo pequeno que crece e vaise facendo grande

Sementes que transforman-Verbo Divino 2024, reflexión: <https://youtu.be/TpT1hMXYe6I>

Mc 4,26-34, Cosas de Dios, 11 Ord-B, explicación: <https://youtu.be/ITSpl6E1TMQ>

Cal é o soño que Deus alenta en nós? Como o vai realizar?

3. ACTUAR: Rega, Señor, a miña pequenez

- Na nosa oración dicímoslle: "Rega, Señor, a miña pequenez para crecer e ser acolledor". Agradecemos a tantas persoas que nos axudan a crecer, a ser mellores, a ter máis fe. Axudámoslle a Xesús a regar a nosa vida: indo a catequese, participando na misa cada domingo, lendo o evanxeo, corrixindo os meus fallos cada día, vendo que froitos teño que traballar máis...

Que vas facer? E no grupo?

Canto: A semente que crece soa, Valiván: <https://youtu.be/watch?v=BS9pGbsWUe4>